

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA PARA ACTUACIÓNS EN MATERIA DE MOBILIDADE TURÍSTICA SOSTIBLE NA RIBEIRA SACRA – SEMANA SANTA E VERÁN 2026

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte, D. Luis Fernández Guitián, en nome e representación como presidente do **Consortio de Turismo da Ribeira Sacra** con NIF G27326131, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confire na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Que tal e como establece a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Xunta de Galicia propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como



autonómicas e locais, así como co sector privado.

A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo.

A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.

Segundo.- Que de conformidade co previsto no artigo 149 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, os concellos galegos poderán constituír consorcios locais entre si ou con outras administracións públicas para fins de interese común, ou con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos das administracións públicas.

Que o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra é unha administración pública de carácter local integrada polos concellos de Bóveda, Carballedo, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Chantada, Esgos, Manzaneda, Monforte de Lemos, Montederramo, Nogueira de Ramuín, Pantón, Parada de Sil, Paradela, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, A Pobra de Trives, A Pobra do Brollón, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, San Xoán de Río, O Saviñao, Sober, Taboada, A Teixeira e Xunqueira de Espadanedo.

Que no artigo 5º dos Estatutos do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra establécense como os seus fins: planificar, xestionar e promover o desenvolvemento turístico da zona, fomentar e desenvolver actuacións e actividades en materia turística coordinando todos os esforzos e iniciativas que se realicen cunha visión de conxunto no ámbito do consorcio, fomentar a promoción turística e as actuacións de posta en valor e de dinamización do sector turístico da zona, entre outros.

Terceiro.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios.



Para lograr esta finalidade a Xunta de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

Cuarto.- O Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra pretende implantar servizos estacionais de lanzadeira turística gratuítos durante a tempada alta (Semana Santa e verán de 2026) na Ribeira Sacra, co fin de reducir a presión do vehículo privado en puntos sensibles, mellorar a mobilidade e facilitar o acceso aos embarcadoiros e espazos de lecer fluvial.

A actuación enmárcase no Plan de Mobilidade Sostible (PMS) e dá continuidade ás probas piloto realizadas nos últimos anos e, de maneira específica, aos servizos executados durante o verán de 2025 con cargo ao convenio de colaboración subscrito entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra para actuacións en materia de mobilidade turística sostible.

O PMS establece como unha das súas liñas prioritarias a redución da presión do vehículo privado sobre os espazos naturais máis visitados, promovendo o uso de lanzadeiras turísticas estacionais. No apartado 4.9 do Plan de Acción, recóllense literalmente o seguinte:

"O corazón da Ribeira Sacra, constituído ao longo dos ríos Miño e Sil, é o recurso natural máis visitado e por tanto sometido a maior presión polo acceso dos coches e a desorde dos servizos de aparcamento. Esta imaxe faise máis patente en tempada alta onde a afluencia increméntase un 40% con respecto ao resto do ano, o que supón a necesidade de buscar alternativas de mobilidade que melloren a calidade paisaxística e a propia experiencia dos visitantes.

O acceso debe coordinarse dunha forma máis integral, dando máis facilidades ao transporte colectivo e aos modos activos como desprazarse a pé ou en bicicleta. Así, para promover o uso de modos de transporte sostibles, en época estival, en coordinación coas medidas propostas no programa "7. Medidas para mellorar o transporte en áreas turísticas e centros que atraen turismo", propónse activar novos servizos desde os aparcamentos disuasorios propostos, que conecten os principais puntos de interese paisaxístico da contorna, como, por exemplo, roteiros en autobús desde Monforte de Lemos ou Castro Caldelas aos embarcadoiros próximos para promocionar os roteiros en barco e principais puntos de interese.

Esta medida supón o estudo de implantación de dous servizos de autobús, co desenvolvemento de probas piloto para verificar a capacidade de éxito da proposta.



Dependendo do éxito destas probas piloto podería chegar a exporse a implantación dun bus turístico que percorra toda a Ribeira Sacra polos principais puntos de interese turístico, deseñando diferentes liñas en función dos lugares para visitar, cun tempo de estancia en cada un. Para iso, sería necesario realizar un estudo de viabilidade e deseño destas liñas, con frecuencias que poderían variar en función da demanda, sendo maior en tempada alta (...)."

O documento contempla como **posibles solucións** a implantación de novos servizos de transporte turístico colectivo ou o transvase modal de acceso a embarcadoiros (lanzadeiras). Esta orientación recóllese de forma expresa no propio PMS, que detalla as medidas propostas para garantir unha mobilidade máis eficiente nos principais puntos turísticos da Ribeira Sacra como segue:

"O conxunto de medidas propostas no Plan de Mobilidade busca garantir o acceso con transportes máis eficientes ao conxunto de áreas turísticas da Ribeira Sacra, dando máis facilidades ao transporte público, ao acceso en bicicleta (sendo conscientes das limitacións que este modo ten pola topografía tan irregular que existe, o que dificulta o tránsito en bicicleta en determinadas zonas), ordenando os puntos de acceso e de aparcamento.

Como se viu, os embarcadoiros son principais puntos de afluencia e de conxestión, converténdose en puntos de tensión con difícil acceso, especialmente en época estival. Así, propónse, de forma complementaria á habilitación de aparcamentos propostos nas medidas 4.3.1 e 4.3.2, en época estival, activar servizos dedicados ao turismo que, conectando estes puntos cos embarcadoiros, permita favorecer o transvasamento modal, vehículo privado – autobús – barco.

Para o funcionamento da rede de aparcamentos en tempada alta propónse a creación dun servizo de autobuses estacionais (lanzadeiras), un transporte exclusivo de verán, preferentemente aberto, lúdico e moi barato ou gratuíto, que conecte cos embarcadoiros e os principais puntos turísticos da contorna.

Trátase por tanto de obter unha imaxe facilmente identificable, que atraia o uso dos visitantes (...)."

Deberanse levar a cabo, por tanto, experiencias piloto que permitan valorar a potencialidade destes servizos e posteriormente realizar os axustes pertinentes nas propostas.



Propóñense as seguintes rutas para implantar servizos de lanzadeiras:

1. Lanzadeira Monforte de Lemos – Doade – Embarcadoiro Ponte do Sil
2. Lanzadeira Monforte de Lemos – Embarcadoiro de Belesar
3. Lanzadeira ao Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil
4. Lanzadeira Castro Caldelas – Embarcadoiros de Ponte do Sil e Abeleda
5. Lanzadeira Chantada – Embarcadoiro de Belesar
6. Lanzadeira á Praia fluvial da Cova (xa opera na actualidade)
7. Lanzadeira Parada de Sil – Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil (xa opera na actualidade)

Cómpre sinalar que varias destas lanzadeiras xa se puxeron en marcha con carácter experimental nos últimos anos, no marco das actuacións financiadas polo Plan de Sostibilidade Turística en Ribeira Sacra, en períodos de alta afluencia de visitantes como Semana Santa, ponte de maio e verán dos anos 2021, 2022, 2023, 2024:

- Lanzadeira Monforte de Lemos – Doade – Embarcadoiro Ponte do Sil (operativa dende 2023)
- Lanzadeira Monforte de Lemos – Embarcadoiro de Belesar (operativa en 2023)
- Lanzadeira ao Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (operativa dende 2023)
- Lanzadeira Castro Caldelas – Embarcadoiros de Ponte do Sil e Abeleda (operativa dende 2023)
- Lanzadeira á Praia fluvial da Cova (operativa dende 2022)
- Lanzadeira Parada de Sil – Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil (operativa dende 2021)



Así mesmo, no ano 2025, a través do convenio de colaboración asinado coa Axencia de Turismo de Galicia, retomáronse e reforzáronse varios destes servizos de lanzadeira durante a tempada de verán, incorporándose tamén a lanzadeira Chantada – Embarcadoiro de Belesar – Praia da Cova como nova implantación.

Estas actuacións permitiron testar a súa viabilidade en contextos de alta demanda turística e comprobar a súa utilidade como ferramenta para ordenar os fluxos turísticos e reducir a presión do tráfico en zonas especialmente sensibles.

Tal foi a demanda dalgúns dos servizos que, na actualidade, determinadas lanzadeiras xa contan cun funcionamento consolidado en períodos de alta afluencia, especialmente no caso do acceso ao Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil. A experiencia acumulada evidencia a necesidade de manter e reforzar este tipo de solucións de mobilidade turística nos puntos de maior presión.

Por outra banda, as probas piloto dos servizos achegaron unha fotografía da demanda nas fins de semana de verán na que conflúen visitantes de sábados e domingos cos que se atopan desprazados para a fin de semana completa ou para estadias máis longas de vacacións estivais. Ademais, permitiu analizar o funcionamento dos servizos en días laborais de verán nalgunhas das semanas máis fortes en afluencia e tamén durante a Semana Santa, outro dos períodos con máis afluencia do ano.

Cabe destacar que o número de usuarios incrementouse notablemente entre cada período de funcionamento e son cada vez máis os visitantes e empresas que demandan o servizo.

Cos resultados acadados até o de agora e os axustes realizados, consideramos preciso estender estas probas piloto á tempada alta (Semana Santa e verán 2026), tendo en conta que os horarios e frecuencias dos operadores fluviais variaron para este ano, aumentando tamén o número de saídas diarias.

Así ben, tendo en conta os resultados que arroxoaron os servizos experimentais dos últimos anos e as consideracións do equipo experto responsable da elaboración do PMS, considérase esencial que se retomen os servizos de lanzadeira gratuítos que se propoñen a continuación:

- Lanzadeira Monforte de Lemos – Doade – Embarcadoiro Ponte do Sil



- Lanzadeira Castro Caldelas – Embarcadoiros de Ponte do Sil e Abeleda
- Lanzadeira Escairón - Praia fluvial da Cova
- Lanzadeira Chantada – Embarcadoiro de Belesar – Portotide - Praia da Cova
- Lanzadeira Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil

Estes servizos ofrecerían unha solución á previsible concentración de vehículos durante as datas de maior número de visitantes e permitiría seguir axustando o funcionamento dos mesmo ao comportamento da demanda para regulalo de cara ás seguintes tempadas.

En resumo, os servizos de lanzadeira propostos representan unha solución viable e xa contrastada para reducir o impacto da mobilidade turística en puntos sensibles de Ribeira Sacra. A súa activación para a tempada alta (Semana Santa e verán 2026) responde á necesidade urxente de dar resposta a unha demanda crecente. O seu financiamento e coordinación interadministrativa permitirán avanzar cara a un modelo turístico máis ordenado, sostible e compatible cos valores naturais e culturais do territorio.

Quinto.- A continuación, detállanse cada un dos servizos coas súas respectivas frecuencias; horarios que se poderán ver modificados ou servizos ampliados en función da demanda final.

As frecuencias atópanse coordinadas cos horarios de saída das compañías operadoras de rutas fluviais nos embarcadoiros de Ponte do Sil (Monforte de Lemos), Abeleda (Castro Caldelas) e Belesar (O Saviñao), así como nos momentos de maior afluencia de visitantes no espazo de ocio acuático de Praia da Cova (O Saviñao) e de acceso ao mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil.

Lanzadeira Monforte de Lemos – Ponte do Sil

Conecta a capitalidade do xeodestino Ribeira Sacra co embarcadoiro de Ponte do Sil (Monforte de Lemos, cunha parada intermedia na poboación de Doade (Sober).

Semana Santa 2026 (Do 1 ó 5 de abril)

Monforte de Lemos	Doade	Ponte do Sil
10:00	10:20	10:30
10:30	10:50	11:00



12:00	12:20	12:30
15:00	15:20	15:30
15:30	15:50	16:00
17:10	17:30	17:40
Ponte do Sil	Doade	Monforte de Lemos
11:00	11:10	11:30
13:10	13:20	13:40
13:40	13:50	14:10
14:45	14:55	15:15
18:10	18:20	18:40
18:40	18:50	19:10
19:40	19:50	20:10

Verán 2026 (Do 18 de xullo ó 30 de agosto)

Monforte de Lemos	Doade	Ponte do Sil
10:10	10:30	10:40
12:00	10:20	12:30
15:10	15:30	15:40
16:10 *	16:30 *	16:40 *
16:45 **	17:05 **	17:15 **
17:40	18:00	18:10

* Xullo

** Agosto

Ponte do Sil	Doade	Monforte de Lemos
11:10	11:20	11:40
12:40	12:50	13:10
13:40	13:50	14:10
14:40	14:50	15:10
18:40	18:50	19:10
19:40	19:50	20:10
21:10	21:20	21:40

Lanzadeira Castro Caldelas – Embarcadoiro de Abeleda

Conecta o núcleo de Castro Caldelas co embarcadoiro de Abeleda (Castro Caldelas), cunha parada intermedia na Abeleda (A Teixeira).

Semana Santa 2026 (Do 1 ó 5 de abril)

Castro Caldelas	Abeleda	Embarcadoiro
10:25	10:40	10:45
12:25	12:40	12:45



15:30	15:45	15:50
17:25	17:40	17:45
18:30	18:45	18:50
Embarcadoiro	Abeleda	Castro Caldelas
10:50	10:55	11:10
12:45	12:50	13:05
14:35	14:40	14:55
16:00	16:05	16:20
18:10	18:15	18:30
19:40	19:45	20:00

Verán 2026 (Do 18 de xullo ó 30 de agosto)

Castro Caldelas	Abeleda	Embarcadoiro
10:25	10:40	10:45
12:25	12:40	12:45
15:30	15:45	15:50
17:30	17:45	17:50
18:30	18:45	18:50
Embarcadoiro	Abeleda	Castro Caldelas
10:50	10:55	11:10
12:45	12:50	13:05
13:40	13:45	14:00
14:35	14:40	14:55
16:00	16:05	16:20
18:10	18:15	18:30
18:50	18:55	19:10
20:10	20:15	20:30

Lanzadeira Escairón – Praia fluvial da Cova

Conecta a capitalidade do concello do Saviñao (Escairón) co espazo de ocio fluvial da Praia da Cova (O Saviñao), cunha parada intermedia en Arxeriz (O Saviñao).

Verán 2026 (Do 18 de xullo ó 6 de setembro)

Escairón	Arxeriz	Praia da Cova
16:00	16:10	16:25
17:30	17:40	17:55
19:00	19:10	19:25
Praia da Cova	Arxeriz	Escairón
17:00	17:10	17:25



18:30	18:40	18:55
20:30	20:40	20:55

Lanzadeira Chantada – Embarcadero de Belesar – Praia da Cova

Conecta o núcleo de Chantada co embarcadero de Belesar (O Saviñao), estendéndose o servizo ata o espazo de ocio fluvial da Praia da Cova (O Saviñao).

Verán 2026 (Do 18 de xullo ó 6 de setembro)

Chantada	Belesar	Portotide	Praia da Cova
10:35	10:50	10:55	11:05
11:30	11:45	11:50	12:00
12:40	12:55	13:00	13:10
15:45	16:00	16:05	16:15
17:00	17:15	17:20	17:30
18:15	18:30	-	-
Praia da Cova	Portotide	Belesar	Chantada
12:05	12:15	12:20	12:35
13:30	13:40	13:45	14:00
16:20	16:30	16:35	16:50
17:35	17:45	17:50	18:05
-	-	18:30	18:45
19:10	19:20	19:25	19:40
20:55	21:05	21:10	21:25

Lanzadeira Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil

Conecta a zona de estacionamento habilitada co Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, facilitando o acceso ao recurso e reducindo a presión do vehículo privado nun espazo especialmente sensible.

Semana Santa 2026 (Do 1 ó 5 de abril) e Verán 2026 (Do 18 de xullo ó 30 de agosto)

Aparcamento

11:00
15:45

Mosteiro Santo Estevo

14:30
20:00

Catro saídas por hora (cada 15 minutos). Non é necesaria reserva.



Cos servizos propostos estímase cubrir unha parte moi significativa das prazas diarias ofertadas polas compañías operadoras de rutas fluviais nos tres embarcadoiros de referencia, ademais de reforzar o acceso a outros recursos de elevada afluencia turística, como a Praia da Cova e o Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil.

Concorren, así, razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, sen que proceda promover a concorrência pública ao ser o consorcio beneficiario á única entidade que pode desenvolver á actuación subvencionada.

Por todo o exposto acordan asinar este convenio de colaboración baseándose nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

Constitúe o obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra para actuacións en materia de mobilidade turística sostible na Ribeira Sacra – Semana Santa e Verán 2026.

Segunda.- Orzamento e financiamento.

O orzamento estimado das actuacións previstas neste convenio é de 70.485,20 € (IVE incluído), co seguinte desagregamento:

SEMANA SANTA 2026		
Servizo	Período de funcionamento	Custo estimado
Lanzadeira Monforte de Lemos-Doadre-Embarcadoiro Ponte do Sil	1 ao 5 de abril – Frecuencia diaria de dúas liñas	5.500,00 €
Lanzadeira Castro Caldelas-Embarcadoiro de Ponte do Sil e	1 ao 5 de abril – Frecuencia diaria dunha liña	1.650,00 €



Abeleda		
Lanzadeira Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil	2 ao 5 de abril – Frecuencia diaria dunha liña	1.320,00 €
Servizos de imaxe gráfica e vinilos paradas	-	145,20 €
TOTAL		8.615,20 €

VERÁN 2026		
Servizo	Período de funcionamento	Custo estimado
Lanzadeira Monforte de Lemos-Doadre-Embarcadero Ponte do Sil	18 de xullo a 30 de agosto – Frecuencia diaria	21.600,00 €
Lanzadeira Castro Caldelas-Embarcaderos de Ponte do Sil e Abeleda	18 de xullo a 30 de agosto – Frecuencia diaria	16.500,00 €
Lanzadeira Chantada-Embarcadero de Belesar-Praia da Cova	18 de xullo a 6 de setembro – Frecuencia: venres, sábados, domingos e festivos	7.885,00 €
Lanzadeira Escalrón-Praia fluvial da Cova	18 de xullo a 6 de setembro – Frecuencia: venres, sábados, domingos e festivos	7.885,00 €
Lanzadeira Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil	18 de xullo a 30 de agosto – Frecuencia diaria	7.000,00 €
Servizos de imaxe gráfica, deseño, maquetaxe e artes finais para a comunicación e promoción do	-	1.000,00 €



programa		
	TOTAL	61.870,00 €
	TOTAL SERVIZOS LANZADEIRA 2026	70.485,20 €

A Axencia de Turismo de Galicia realizará unha achega por importe máximo de **70.485,20 €** (100%) con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.3, proxecto 2015 00005, procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Esta achega canalízase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

Terceira.- Gastos subvencionables.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2026**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado recollidos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non serán subvencionables.

Cuarta.- Compromiso das partes.

1. O Consorcio, como entidade beneficiaria da subvención, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.



- Facer constar a cooperación da Xunta de Galicia, de acordo co manual de identidade corporativa, en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia, incluír a marca Xacobeo 27 de conformidade co Decreto 3/2026, do 26 de xaneiro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2027 e a marca "Galicia Calidade" en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración. Os logos poderán descargarse na seguinte ligazón: <https://www.turismo.gal/marca01>.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Acreditar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 e na disposición transitoria única do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade.

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria á Axencia de Turismo de Galicia por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra



da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o Consorcio para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Consorcio, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será o responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Oitava.- Xustificación de fondos e pagamento.

1. O Consorcio, segundo se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións á entidades locais galegas, estará obrigado a



xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha **conta xustificativa** integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a **certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida**.

2. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro, para o que o Consorcio deberá presentar:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.

- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmoables.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).



d) Unha relación detallada doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, deberá achegarse polo Consorcio:

- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e as marcas Xacobeo 2027 e Galicia Calidade.

- Indicación do número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

3. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

4. A Axencia de Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

5. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención e realizar a execución do obxecto do convenio por parte do Consorcio remata o **15 de novembro de 2026**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).



Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ao abeiro do disposto no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro: *"1. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.*

2. Non obstante, no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención".

Novena.- Pagamentos anticipados.

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 100% da anualidade, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e no artigo 63.4 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Coa solicitude de anticipo, o Consorcio terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á



Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio queda exonerado da constitución de garantía.

Décima.- Perda do dereito ao cobramento da subvención.

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo primeira.- Reintegro da subvención.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.



No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o Consorcio deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décimo segunda.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado polo Consorcio e por un representante designado pola Axencia de Turismo de Galicia.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.

Décimo terceira.- Modificación do convenio.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Axencia de Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, a entidade beneficiaria da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima **dun mes**. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as



actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas. A solicitude deberá acompañar a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:

a) Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.

b) Orzamento ou proxecto modificado.

c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo cuarta.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; o Decreto 193/2011, do 6 de



outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006, que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo sexta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo sétima.- Protección de datos persoais.



As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio subscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que o Consorcio ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

Décimo oitava.- Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de



medios electrónicos coas administración públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo novena.- Vixencia.

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento na data da súa sinatura dixital.

O director de Turismo de Galicia

O presidente do Consorcio de Turismo da
Ribeira Sacra

José Manuel Merelles Remy

Luis Fernández Guitián

